


IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ
- BIBLIOTECA -



PLAN LECTOR. CURSO 2015-16

Táboa de contidos

1.	Liñas prioritarias	2
1.1.	Organización e xestión	2
1.2.	Dinamización e promoción	4
1.3.	Formación de usuarios	5
1.4.	Fomento da lectura.	6
1.5.	Outras actuacións	7
1.6.	Criterios e procedementos de avaliación.	7
1.7.	Persoa responsable, equipo e horario.	8
2.	Programación Anual	8
2.1.	Actuacións cotiáns	9
3.	Plan lector	10
3.1.	Departamento de Matemáticas	10
3.2.	Departamento de Filosofía	15
3.3.	Departamento de Bioloxía e Xeoloxía	15
3.4.	Departamento de Língua Latina	17
3.5.	Departamento de Grego	18
3.6.	Departamento de Língua Castelá	18
3.7.	Departamento de Xeografía e Historia	20
3.8.	Departamento de Tecnoloxía	30
3.9.	Aula de Teatro	31

1. Liñas prioritarias de actuación. Curso 2015-16

1.1. Organización e xestión

- Continuar reformando os andeis e sinalar de xeito claro as distintas seccións.
- Habilitar na Sala de Profesores un espazo complementario da Biblioteca, onde depositar fondos antigos e outros específicos para o profesorado.
- Preparar as paredes do corredor da Biblioteca, con cortiza ou outro material, para facilitar a colocación da información e das exposicións.
- Mercar mobiliario específico para colocar DVDs e buscarlle un lugar apropiado dentro do local da Biblioteca.
- Mercar mobiliario específico para colocar xornais e os números recentes das revistas e buscarlle un lugar apropiado dentro do local da Biblioteca.
- Mercar lectores de libros electrónicos (4-6), para facilitar a lectura compartida no Club de Lectura e nas aulas, e divulgar o uso das novas tecnoloxías.
- Contribuír á compra do material que necesite a Aula de Teatro do Centro: 'Avelaíñas Teatro'.
- Mercar cascos para os ordenadores.
- Continuar coa centralización dos recursos situados noutros espazos do centro.
- Seguir difundindo o uso do programa MEIGA entre o profesorado e o alumnado (autoempréstimo).
- Reforzar a colaboración coas titorías e o Departamento de Orientación para dar a coñecer o funcionamento e organización da Biblioteca entre a comunidade educativa.
- Colaborar con ANPA para difundir entre as familias os fondos existentes e darlles a coñecer as normas de uso e funcionamento.
- Concienciar aos usuarios da importancia de cumprir as normas de empréstitos (prazos) e de non levar documentos sen rexistrar (carteis, campaña nas titorías, etc.).

-
- Insistir na necesidade de cubrir todas as horas lectivas con gardas do profesorado, sobre todo no horario de tarde-noite, evitando a presenza de usuarios na Biblioteca sen a presenza dun profesor/a.
 - Volver a solicitar a apertura da Biblioteca polas tardes (luns, mércores e xoves) entre as 17 e as 19:00 horas. O profesado responsable (voluntario) contaría esas horas no seu horario oficial, e podería impartir clases de apoio para o alumnado con dificultades.
 - Creación de grupos de traballo dentro do Equipo da Biblioteca: Organización e Xestión- TICs; Dinamización; Formación de Usuarios; Proxecto Lector...
 - Sinalar e recoller nunha base de datos específica os fondos das distintas seccións que polas súas características poden ser máis útiles para atender ao alumnado con necesidades educativas especiais, atender a diversidade, educación para a igualdade de xénero e contra o racismo e a xenofobia. En colaboración cos distintos departamentos, nomeadamente co Departamento de Orientación.
 - Dotar a biblioteca de fondos relacionados co tema que traballamos este curso: 'Alimentación saudable'
 - Ampliar a colaboración cos centros de ensino da localidade e coa Biblioteca Municipal, tanto na organización de actividades como no uso compartido dos fondos respectivos.
 - Fomentar a colaboración coa Concellaría de Educación e Cultura do Concello da Estrada para difundir no noso centro as súas actividades e artellar mecanismos que faciliten a asistencia ás mesmas do noso alumnado.
 - Solicitar ao Concello da Estrada a adxudicación dun traballador/a con formación sobre Bibliotecas, para axudar na xestión e organización dos fondos, durante o tempo que as posibilidades permitan.
 - Habilitar unha caixa de suxestións para que os usuarios formulen as súas propostas de melloras da organización, xestión ou calquera outros aspecto da Biblioteca.

1.2. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

- En primeiro lugar, a Biblioteca procurará dotar a todo o alumnado dos recursos necesarios para unha educación en condicións de igualdade, contribuíndo a superar as diferenzas económicas ou sociolóxicas existentes entre as familias e que dificultan o acceso equitativo aos recursos didácticos e culturais.
- Reforzar a colaboración coa ANPA para informalos dos fondos da biblioteca, actividades... E, sobre todo, fomentar o uso da biblioteca por parte do alumnado e das súas familias: maletas viaxeiras, club de lectura de adultos, etc.
- Na compra de fondos prestaremos maior interese a aqueles que contribúan as competencias básicas, e especialmente, como xa dixemos arriba, procuraremos aumentar e difundir as coleccións destinadas a atender necesidades educativas especiais, diversidade... E a contribuír a unha sociedade máis xusta e igualitaria (educación para a igualdade de xénero, racismo, etc.).
- Na adquisición de fondos prestarase unha atención particular a actualización dos documentos en galego e, tamén, a súa difusión entre os usuarios.
- Na biblioteca existe un caderno de suxestións de compras, e o Equipo continuará atendendo con dilixencia as mesmas (cuns principios mínimo de calidade e respecto aos dereitos humanos), xa que consideramos importante que os usuarios perciban a biblioteca como algo propio, que satisfaga os seus gustos e necesidades.
- En colaboración coas titorías farase unha listaxe do alumnado que non tes acceso a Internet na súa casa, e que terán preferencia á hora de utilizar os ordenadores con fins didácticos.
- Propoñer actividades e recursos específicos para as distintas materias e cursos: exposicións, cuestionarios, concursos, etc.
- Difusión das actividades da biblioteca con carteis nos corredores, no taboleiro da Biblioteca, na prensa, no blog e na páxina web do centro.

- Ao longo do curso a Biblioteca participará nas conmemoracións e celebracións do centro, con distintas actividades: exposicións; certames de lectura, escritura, fotografía, oralidade...; vídeos e presentacións; conferencias e actuacións; traballos de aula; etc. Procurarase a colaboración cos departamentos e o Equipo de Normalización, e a participación activa do alumnado. Entre elas podemos citar: Día da Ciencia; Día da Non Violencia contra as mulleres; Día da Paz; Día da Muller; Día do Libro; Día das Letras Galegas.
- Potenciación do uso da Biblioteca como espazo didáctico.
- Fomento e apoio ao grupo de teatro da Biblioteca, 'Avelaíñas Teatro', como un instrumento eficaz e lúdico de adquisición das competencias básicas e superación das desigualdades. O grupo de teatro terá un protagonismo principal nas actividades de dinamización da Biblioteca.
- Difusión de Boletíns de Novidades e exposición das mesmas.

1.3. Formación de usuarios e educación para o acceso á información.

- Analizar a posibilidade de crear un grupo de traballo ou seminario permanente sobre algún dos aspectos a traballar na Biblioteca (formación de usuarios, proxecto lector, MEIGA, etc.) dentro do profesorado do equipo.
- Difundir o folleto de uso e préstamo, co plano da Biblioteca, nas titorías, e elaborar outro sobre recursos dixitais.
- Realizar visitas periódicas do alumnado das distintas titorías á Biblioteca, como espazo didáctico e para a realización de xogos e outras actividades que requiran un coñecemento das normas de funcionamento.
- Fomentar a participación autónoma do alumnado no servizo de auto-empréstito.
- Difundir os medios informáticos desde onde buscar os fondos da Biblioteca, e os materiais que permitan acadar unha maior competencia no tratamento da información.

- É importante tamén promover a participación responsable do alumnado nos espazos web (blog, páxina, rede social) baixo a supervisión, pero sen a intermediación, do profesorado e as familias. Procurarase contar con expertos no tema que realicen talleres e charlas para os distintos niveis educativos.

1.4. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector.

- As actividades de dinamización, sinaladas antes, teñen como obxectivo fundamental o fomento da lectura e enmárcanse dentro do **Proxecto Lector**.
- A principios do trimestre recolleranse as propostas de modificación do Proxecto Lector realizadas polos Departamentos e decídanse os cambios que se consideren pertinentes nunha reunión da CCP.
- Recolleranse os plans lectores dos departamentos, que, xunto ao proxecto da Biblioteca, constituirán o **Plan Lector Anual do centro**.
- Deseño e distribución entre o alumnado da ESO dunha axenda de lecturas. sinxela e barata, para utilizar ao longo do curso.
- Creación de 'bibliotecas de corredor' con lecturas seleccionadas por niveis para utilizar nas horas de lectura das materias e nas horas de garda.
- Elaboración de Guías (e Fichas) de Lectura de libros, cómics, películas... de interese, ao longo do ano, coa colaboración do alumnado do Club de Lectura.
- Listaxe de libros, películas, cómics 'que non se poden deixar de ler' por niveis.
- Seguimento de Proxecto Lector por parte do grupo do Equipo, en contacto cos departamentos, e nas reunións da CCP.
- O Club de Lectura 'Os Retelladores do Galiñeiro' terá un papel central no fomento de lectura entre o alumnado en xeral, como exemplo de goce co hábito lector. Procurase manter o número de membros do club e diversificar as súas actividades, facendo do mesmo o motor da dinámica cotiá da biblioteca e das distintas actividades.

- A dinamización da Mesa de Intercambio, procurando unha maior implicación da comunidade educativa na súa dotación, é un medio de facerse con libros ou películas gratis e de compartir materiais. É unha maneira de que todos contribuíamos ao fomento da lectura e a facilitar o acceso á cultura.
- Elaborar guías de lectura para as vacacións de nadal e verán, axudan a dar a coñecer os fondos de xeito atractivo, espertan a curiosidade entre as persoas carentes de hábito lector e facilitan a elección das lecturas que nos gustan.
- Premiar aos mellores lectores e os mellores comentarios de lecturas no espazos web e na axenda de lecturas, supoñen tamén un aliciente para os usuarios da Biblioteca.
- A través dos certames (relatos de medo, poesía, lectura en voz alta, conta contos) para as distintas etapas, contribuímos á mellora na expresión escrita e oral, ademais de facer da lectura unha actividade pracenteira para actores e espectadores.

1.5. Outras actuacións

- Para o curso 2015-16, desde o equipo da Biblioteca propónse como tema interdisciplinar **'Alimentación Saudable'**.

Con maior ou menor intensidade, todos os departamentos e a Biblioteca tratarán ese tema nas súas actividades lectoras. A Biblioteca proporcionará os recursos necesarios (en función do orzamento) e fará propostas de actividades aos departamentos e á comunidade educativa en xeral.

Continuaremos compartindo o proxecto no blog e no Facebook, onde se irán subindo recursos de interese sobre o tema, tanto os recollidos en fontes alleas, como os materiais que vaian elaborando os distintos departamentos e a propia Biblioteca.

1.6. Criterios e procedementos de avaliación.

- Os criterios de avaliación serán basicamente os préstamos realizados, as melloras de organización e xestión, a formación dos usuarios e o desenvolvemento e repercusión das actividades de fomento da lectura e proxecto lector.

Analizaremos o desenvolvemento do proxecto nas reunións periódicas do equipo e escoitaremos a opinión dos usuarios (entre as que terán especial relevancia a dos membros do club de lectura e os titores). Recolleremos as melloras propostas e actualizaremos o desenvolvemento do proxecto en función das avaliacións parciais.

Ao remate do curso realizaremos unha enquisa de avaliación final, cuxos resultados, xunto aos apartados das memorias de ciclos e departamentos adicados ao Proxecto Lector e a Biblioteca, incorporaranse á Memoria da Biblioteca, de cara ao curso 2016-2017.

1.7. Persoa responsable, equipo e horario.

- A persoa responsable do equipo é Enrique Cao Rodríguez (Tecnoloxía), que contará cun equipo de profesores de apoio. O coordinador contará con 7 horas de adicación exclusiva e o profesorado de apoio coas que poida asignarlle o Centro en función do horario, procurándose que nos períodos lectivos e recreos haxa sempre un profesor do equipo de garda na Biblioteca. Os distintos grupos creados dentro do Equipo reuniranse cando o consideren necesario.

- **Membros do equipo:**

Eladio Anxo Fernández Manso (CC SS), Margarita Casal (Ciclo Administrativo), José Luis Fernández (Ciclo Administrativo), Fernando Lojo (CC SS), Lola Muíños (Ciclo Administrativo), Pilar Gato (Inglés), M^a Milagros Villanueva (Ciencias da Natureza), Carlos Santos (Lingua Castelá), Jesús Cendán (CC SS), Xabier Camba (Lingua Galega), Inés Vidal (Lingua Catelá), M^a Carmen Castro (Administrativo),

2. Programación Anual

Este curso o proxecto interdisciplinar versará sobre o tema 'Alimentación Saudable', de tal xeito que, ademais de impulsar actuacións concretas, nas actividades habituais terá un papel protagonista o tema elixido.

- Día da Biblioteca (24 de outubro): exposicións, presentacións, música, mural, lecturas... arredor do tema.
- Día da Ciencia en Galego (4 de novembro): VideoConferencia e 'Experimentos de Ciencias na Biblioteca'.

- Día da Non Violencia contras as Mulleres (25 de novembro): Traballo nas titorías; Concursos de fotografía e relatos curtos; Conferencia de Ana Arceo (Médicos Sen Fronteiras).
- Día da Paz (30 de xaneiro): O Conflito Sirio; Proxección de filmes e documentais.
- Día das Mulleres (8 de marzo): Mulleres matemáticas.
- Xornadas de poesía e teatro (17-31 de marzo): Lecturas; actuacións; charlas; certames; exposicións...
- Día do Libro (23 de abril): lecturas, xogo na Biblioteca, exposición e venda de libros (libraría da Estrada)...
- Día das Matemáticas (12 de maio): Presentacións, charlas, lecturas...
- Día das Letras Galegas (17 de maio): exposicións, charlas...

2.1. Actuacións cotiáns ao longo do curso

- Mantemento e actualización dos blogs: 'Retelladores do galiñeiro'.
- Colocación de carteis nos corredores: traballos...
- Exposicións de novidades e temáticas no corredor.
- Creación dunha wiki con definición de conceptos significativos sobre alimentación, realizadas polo alumnado das distintas materias, xestionada polo alumnado do Ciclo de Informática.
- Colaboración cos Departamentos en todos os proxectos que presenten.
- Contribuír ao espallamento e utilización responsable das TIC.
- Proxeccións de películas de ficción e documentais para o alumnado.

3. Plan Lector

A Biblioteca procurará desenvolver as actuacións previstas no Proxecto Lector, nomeadamente no tempo de lectura libre das distintas materias: Hora de Ler. E tamén nos Plans Lectores dos distintos departamentos, algúns dos cales desenvolvemos abaixo:

3.1. Departamento de Matemáticas

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO:

Tendo en conta que a lectura é a ferramenta fundamental de calquera actividade sexa de tipo propiamente lingüístico ou científico, desde o departamento de Matemáticas tratarase de facer actividades que conduzan a unha maior desenrolo desta capacidade entre o alumnado. A linguaxe matemática (numérica, gráfica, xeométrico e alxébrica) é un vehículo de comunicación de ideas que destaca pola precisión nos seus termos e pola súa capacidade para comunicar grazas a un léxico propio de carácter sintético, simbólico e abstracto.

As medidas que se propoñen para colaborar no plan de fomento da lectura, son as seguintes:

ACCIÓNS DE TIPO XERAL:

O departamento colaborará nas propostas que faga o equipo da biblioteca. Trátase de traballar a lectura en todo momento e non dedicar sesións fixas á comprensión lectora, para iso utilizaremos diversas estratexias de lectura. Cando aparezan textos, enunciados de problemas, explicacións teóricas, etc, farase unha lectura en voz alta, tratando de corrixir os defectos de entoación e ritmo. Alternarase coa lectura silenciosa. Farase fincapé no vocabulario utilizado.

OUTRAS ACCIÓNS:

En tódolos cursos se tratará, co nivel adecuado, o tema da resolución de problemas, tratando de fomentar así a comprensión e expresión oral e escrita Utilizar material de diferentes páxinas Web: Busca de información, obtención e tratamento de datos. Lecturas relacionadas coa historia das matemáticas, biografías, ... Realización de xogos matemáticos que melloren a comprensión e

a busca de estratexias para a súa resolución Lectura de libros de tipo científico e mesmo de novelas que teñan como argumento as matemáticas, a ciencia ou aspectos relacionados con elas. En cada curso da ESO incluírase un libro como lectura obrigatoria:

1º ESO: El señor del cero. M^a Isabel Molina. Ed. Alfaguara Juvenil. Serie azul. ISBN: 9788420464930

2º ESO: El asesinato del profesor de matemáticas. Jordi Sierra i Fabra. Ed. Anaya. Colección Duende verde

3º ESO: O curioso incidente do can a media noite. Mark Haddon

4º ESO: La fórmula preferida del profesor. Yoko Ogawa. Ed. Funambulista

Outras lecturas recomendadas:

Primeiro Ciclo da ESO

- Malditas matemáticas: Alicia en país de los números. Carlo Frabetti Editorial: Alfaguara Juvenil. Colección: Serie Azul. ISBN:9788420464954
- Matecuentos. Cuentos con problemas. Joaquín Collantes, Antonio Pérez Sanz Editorial: Nivola
- Matecuentos 2. Cuentos con problemas. Joaquín Collantes, Antonio Pérez Sanz Editorial: Nivola
- Matecuentos 3. Cuentos con problemas. Joaquín Collantes, Antonio Pérez Sanz Editorial: Nivola
- Cuentos del cero. Luis Balbuena Editorial: Nivola. ISBN: 978-84-96566-18-7
- Los diez magníficos. Anna Cerasoli Editorial: Maeva. ISBN: 978-84-96231-27-6
- La sorpresa de los números. Anna Cerasoli Editorial: Maeva. ISBN: 978-84-96748-03-3
- Mister Cuadrado. Anna Cerasoli Editorial: Maeva. ISBN: 978-84-92695-09-6

- El misterio de la isla de Tökland. Joan Manuel Gisbert Editorial: Planetalectores. Colección: Cuatrovientos +12. ISBN: 978-84-08-09080-9
- El crimen de la Hipotenusa. Emili Teixidor Editorial: Planeta (planetadelibros - Infantil y Juvenil). Colección: Narrativa Juvenil - Cuatrovientos +12. ISBN: 978-84-08-09060-1
- Alicia en el país de las adivinanzas. Raymond Smullyan Editorial: Cátedra. ISBN: 84-376-0479-6

Segundo ciclo da ESO

- El gran juego. Carlo Frabetti Editorial: Alfaguara. Colección: Serie roja
- Los crímenes de Oxford (o Crímenes Imperceptibles). Guillermo Martínez Editorial: Destino. Colección: Áncora y Delfín
- El diablo de los números. HANS MAGNUS ENZENSBERGER Editorial: Ediciones Siruela
- Un cuento enmarañado. Lewis Carroll Editorial: Nivola
- Lee a Julio Verne: el amor en tiempos de criptografía. Susana Mataix Editorial: Rubes Editorial. Colección: Matematica
- Andrés y el dragón matemático. Mario Campos Pérez Editorial: Laertes SA
- El hombre que calculaba. MALBA TAHAN Editorial: Del Nuevo Extremo
- Cuentos de Matemáticas. Juan Carlos Hervás y otros Editorial: Proyecto Sur
- Alicia a través del espejo. Lewis Carroll Editorial: Juventud

Bacharelato e Ciclos Formativos

- El tío Petros y la conjetura de Goldbach. Apostolos Dioxadis Editorial: Ediciones B. Colección: Tiempos modernos. ISBN: 8440694903

-
- El teorema del loro: Una novela para aprender matemáticas. Denis Guedj Editorial: Anagrama. Colección Panorama de narrativas. ISBN: 978-84-339-6908-8
 - La incógnita Newton. Catherine Shaw. Editorial: Roca editorial. ISBN: 84-96284-74-3
 - El matemático del rey. Juan Carlos Arce Editorial: Planeta. Colección: Autores españoles e iberoamericanos. ISBN: 8408035266
 - El libro infierno. Carlo Frabetti Editorial LENGUA DE TRAPO. Colección Nueva Biblioteca. ISBN 978-84-8381-030-9
 - Los Jardines Cifrados. Carlo Frabetti Editorial LENGUA DE TRAPO. Colección Nueva Biblioteca. ISBN 8496080218
 - La ciudad rosa y roja. Carlo Frabetti. Editorial LENGUA DE TRAPO. Colección Nueva Biblioteca. ISBN 8489618356
 - El número de Dios. José Luis Corral Lafuente Editorial: Edhasa. ISBN: 8435061116
 - La medición del mundo. Daniel Kehlmann Editorial: Maeva. ISBN: 84-96231-97-6
 - El contador de arena. Gillian Bradshaw Editorial: Salamandra. ISBN: 9788498380323
 - Crímenes pitagóricos. Mijailidis, Tefcros Editorial: ROCA EDITORIAL DE LIBROS, S.L. ISBN: 9788492429455
 - El teorema. Adam Fawer Editorial: Planeta. ISBN: 8408060961
 - La Hermandad invisible (Los hermanos invisibles). Kurt Aust Editorial: Destino. 2008 ISBN: 9788423340309
 - Raíces cuadradas. Nikita Lalwani Editorial: Planeta. 2008. ISBN: 9788496580343
 - MATEMÁTICAS ES NOMBRE DE MUJER MATAIX, SUSANA
 - Cuentos con cuentas. Miguel de Guzmán NIVOLA; ISBN: 84?95599?56-X
 - PROBLEMAS DE ALMOHADA. Pensados en las horas pasadas despierto Lewis Carroll

- A CIENCIA NO PUNTO DE MIRA. Jorge Mira

Ciclo de cine MATEPELIS

Durante o curso programarase un ciclo de cine de películas con contido relacionado coas matemáticas. Tratarase de interferir o menos posible noutras materias tendendo para elo a desenrolar este ciclo en días clase próximos aos períodos vacacionais e coincidindo o máis posible coas sesións de clase de matemáticas. Programarase polo menos unha película para cada grupo ou nivel educativo que teña matemáticas no seu currículo. Entre as películas que se poderán por neste ciclo e que se tratarán de conseguir para os fondos da Bibliotecas están as seguintes:

- El indomable Will Hunting
- La verdad oculta (Proof)
- Una mente maravillosa
- Galileo
- El genio del amor
- Enigma
- Los crímenes de Oxford
- Ágora
- C'est la tangente que je prefere
- La vida de Pi
- La fórmula preferida del profesor
- El pequeño Tate
- Escuela de genios
- El amor tiene dos caras
- La habitación de Fermat I

3.2. Departamento Filosofía

Dentro das diversas actividades de fomento da lectura e de desenvolvemento da capacidade de comprensión lectora levadas a cabo polo Departamento de Filosofía e que se recollen na Programación do Departamento, cabe salientar o traballo diario que se leva a cabo tanto na aula física como na aula virtual de lectura de textos moi diversos (textos filosóficos, literarios, científicos, artigos de prensa, entradas de blogs ou wikis, etc.). Interpretación de textos e hipertextos para cuia comprensión se trata de dotar aos estudantes das pertinentes ferramentas de análise de textos. Ademais, cómpre engadir a este anticipo do Plan Lector o que constitúen as lecturas obrigatorias que deben facer os escolares ao longo do curso. Para este ano académico as lecturas serán as seguintes:

- **Educación para a Cidadanía (2º ESO):** Savater, Fernando. Ética para Amador. Ed. Ariel.
- **Educación ético-cívica (4º ESO):** Aristófanes, Lisístrata. Alianza Editorial.
- **Filosofía (1º Bach.):** Golding, William. El señor de las moscas. Alianza Editorial.
- **Historia da Filosofía (2º Bach.):** Platón, Apoloxía de Sócrates. Critón. Alianza Editorial.

3.3. Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Contribución ao Plan Lector do Centro

Tendo en conta que a lectura é a ferramenta fundamental de calquera actividade sexa de tipo propiamente lingüístico ou científico, desde o DCN tratarase de facer actividades que conduzan a unha maior desenvolvemento desta capacidade entre o alumnado.

As medidas que se propoñen para colaborar no plan de fomento da lectura, son as seguintes:

Accións de tipo xeral:

- Trátase de traballar a lectura en todo momento e non dedicar sesións fixas á comprensión lectora, para iso utilizaremos diversas estratexias de lectura.
- Cando aparezan textos, enunciados de problemas, explicacións teóricas, etc, farase unha lectura en voz alta, tratando de corrixir os defectos de entoación e ritmo. Alternarase coa lectura silenciosa.
- Farase fincapé no vocabulario utilizado.

OUTRAS ACCIÓNS:

- En tódolos cursos se tratará, co nivel adecuado, o tema da resolución de problemas, tratando de fomentar así a comprensión e expresión oral e escrita
- Utilizar material de diferentes páxinas Web: Busca de información, obtención e tratamento de datos.
- Lecturas relacionadas coa historia das ciencias, biografías, ...
- Realización de xogos matemáticos que melloren a comprensión e a busca de estratexias para a súa resolución
- Lectura de libros de tipo científico e mesmo de novelas que teñan como argumento as matemáticas, a ciencia ou aspectos relacionados con elas.

Con tódolos cursos tratarase de participar no tema '**Alimentación Saudable**' elixido polo equipo da biblioteca para este curso, e dende un punto de vista científico: abordaranse os problemas relacionados co acceso a auga potable e as posibles solucións, os problemas de saúde e enfermidade : sida, malaria, dengue, as campañas de vacinación, os hábitos de vida saudables, e os problemas relacionados coa alimentación (estados carenciais e desnutrición), e cos máis pequenos.

3.4. Departamento de Língua Latina

LATÍN II. 2º BACHARELATO

Seguindo as directrices da comisión Interuniversitaria efectuaranse as seguintes lecturas:

1. Historiografía: Livio, I, 56, 4-60
2. Oratoria: Tácito, "Agrícola", 29-38.
3. Épica: Ovidio, "Metamorfoses", I, 452-567; IV, 55-166; X, 1-71.
4. Lírica: Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11.
5. Teatro: calquera comedia de Plauto.

LATÍN I. 1º BACHARELATO

1º trimestre

- 'El asombroso viaje de Pomponio Flato' Eduardo Mendoza
- 'Así aman los dioses' Concha Romero
- 'Un salmantino en Roma' Fernando Lillo
- 'Ana y la sibila' Antonio Sánchez Escalonilla
- 'Thermae Romae' Mari Yamazaki.
- 'Guárdate de los Idus' Lola Gándara

2º trimestre

- Astérix en Hispania
- Los laureles del César
- Astérix y Cleopatra
- La residencia de los dioses
- El regalo del César
- El papiro del César

VALORES ÉTICOS. 3º ESO

1º trimestre

- 'Yo soy Malala'

2º trimestre

- 'Ética de Urgencia'. Capítulos: 'Internet y realidad' e 'Internet y Derechos'.

3.5. Departamento de Grego

Sobre a animación á lectura, este departamento pretende fomentar o desenvolvemento de actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e da expresión oral. Nese sentido, formarán parte da rutina diaria a lectura en voz alta de textos (orixinais e traducidos), as recomendacións de libros adecuados aos intereses e madurez dos estudantes, a exposición oral de traballos ante o grupo, e cantas actividades se propoñan polo centro para reforzar estes aspectos. Por outra banda, as lecturas para cada avaliación están recollidas na seguinte táboa:

Avaliación	Unidades Didácticas	Traballo de Lectura
Primeira	1,2,3	Arturo Pérez: 'La Civilización Griega' (cap. 2 e 3) Fecha límite: 16-12-15
Segunda	4,5,6	R. López Melero: 'Así vivían en la Grecia Antigua' (cap 3,4) Fecha límite: 5-2-16
Terceira	7,8,9	Eurípides, Medea Fecha límite: 6-5-16

3.6. Departamento de Língua Castelá

Por la propia naturaleza de las materias correspondientes al Departamento de Lengua castellana y Literatura, la lectura y el contacto con el mundo del libro es una constante en todos los cursos y a lo largo de todo el año. Continuamente se trabaja con textos, literarios o no literarios, que se leen en voz alta, se analizan y comentan formal y conceptualmente; de hecho, en los Contenidos mínimos de todos los cursos se incluye la 'capacidad de leer correctamente e interpretar textos de dificultad media', dificultad que se ajusta a los diferentes niveles a los que se imparten clases.

Como complemento a esta permanente actividad lectora en el aula, los alumnos tienen que realizar a lo largo del curso una serie de lecturas (un libro por evaluación) y la correspondiente prueba de comprensión-expresión.

Los libros de lectura obligatoria a lo largo de este curso son:

- Alberto Méndez: Los girasoles ciegos
- Andreu Martín: Todos los detectives se llaman Flanagan
- Antonio Buero Vallejo: La fundación.
- Antonio Machado: Campos de Castilla.
- Antonio Muñoz Molina: Plenilunio
- Camilo José Cela: La colmena
- David Lozano: Donde surgen las sombras.
- Eduardo Mendoza: El misterio de la cripta embrujada.
- Gabriel García Márquez: Crónica de una muerte anunciada.
- Jordi Serra i Fabra: Campos de fresas.
- Jordi Serra i Fabra: El asesinato de la profesora de lengua.
- Maite Carranza: Palabras envenenadas
- María Menéndez Ponte: Nunca seré tu héroe.
- María Paz Salido Amoroto: Alicia, Cecilia y sus demonios.
- Mario Vargas Llosa: La tía Julia y el escribidor
- Miguel Delibes: El camino
- Robert Louis Stevenson: La isla del tesoro.

Además, en algunos cursos, por ejemplo en 3º PMA, se dedica una unidad al libro como objeto: historia del libro (códices, incunables, tipografía antigua, el libro electrónico, etc.), componentes (cubierta, portada, portadilla, lomo, tejuelo, etc.), fichas bibliográficas y bibliotecas (cómo se busca un libro, CDU, cómo se organizan las bibliotecas, bibliotecas temáticas).

3.7. Departamento de Xeografía e Historia

A lectura é unha parte indispensable das materias do departamento, sendo imprescindible unha boa comprensión lectora para acadar os obxectivos mínimos das materias impartidas. As lecturas que forman parte do temario e as obrigatorias están especificadas na programación anual de cada materia, polo que non imos repetilas aquí. En todo caso é obvio que nas clases se desenvolverán constantes lecturas de textos relacionados cos contidos, tanto en voz alta (lectura compartida orientada e explicada polo profesorado), como en silencio para a análise individual. As lecturas obrigatorias realizaranse na casa, sendo despois comentadas na aula e, acotío, o alumnado deberá responder a un cuestionario sobre as mesmas.

Co mesmo proceso de lectura as imaxes (mapas, fotografías, obras de arte...) e os materiais audiovisuais (documentais, filmes, vídeos, radio...) terán un papel destacado na tarefa educativa ao longo de todo o curso.

Por outra banda, ademais de libros, material gráfico ou audiovisuais, os artigos xornalísticos tamén estarán presentes acotío nas nosas clases. Analizar e comprender a realidade do presente é un obxectivo fundamental das nosas materias, polo que debemos recorrer á lectura da prensa diaria, ou a artigos de revistas de información xeral ou especializadas en temas de historia, xeografía ou arte.

Á hora de seleccionar as lecturas os aspectos relacionados cos temas transversais terán un peso fundamental, xa que consideramos que o seu tratamento nas aulas é imprescindible para acadar unha verdadeira educación do alumnado, como cidadáns conscientes dos seus dereitos e da súa capacidade para contribuír a un futuro mellor. A escola ten un papel fundamental na loita contra a discriminación sexual, contra as actitudes xenófobas ou racistas, contra a destrución do medio ambiente, contra a violencia e contra calquera tipo de desigualdade social e económica. E isto plasmarémola no traballo diario da aula, no que as lecturas de todo tipo de documentos serán unha ferramenta esencial.

Hora de Ler

Nas clases do Departamento adicarase un mínimo de 25' de lectura libre cada seis sesións nos cursos da ESO e 1º de Bacharelato diurno, que cada profesor organizará libremente en función das características do alumnado de cada grupo e da evolución das clases.

Este tempo de lectura desenvolverase preferentemente na Biblioteca e cos materiais da mesma, e permitirase que o alumnado lea o documento que queira, aínda que o profesor guiará e orientará, buscando que a lectura lles agrade e teña un mínimo de calidade. A implicación do alumnado será avaliada polo profesor, como calquera outra actividade de aula.

Colaboración coa Biblioteca

Os membros do Departamento formamos parte do equipo da Biblioteca, polo que a participación nas actividades organizadas pola mesma está asegurada. Este curso o tema interdisciplinar escollido pola Biblioteca é: 'Alimentación saudable'. O Departamento ten previsto aportar, en colaboración con outros departamentos do Centro, respecto ao tema escollido, as seguintes actividades:

- Exposición sobre hábitos alimenticios ao longo da Historia: textos e imaxes.
- Exposición: Os alimentos nas manifestacións artísticas ao longo da Historia.
- Exposición sobre demografía e alimentación na Historia de Galicia: textos e imaxes.

Por outra banda, ao longo do curso, o Departamento elaborará unha guía comentada de documentos da Biblioteca (libros, cómics, audiovisuais, etc.) considerados de interese para as nosas materias, e que se difundirán entre a comunidade educativa, especialmente entre o alumnado. Finalmente, seguiremos colaborando na compra de materiais para a Biblioteca, tanto usando os fondos propios como facendo suxestións de compra a cargo dos fondos xerais.

Club de Lectura: Cómics e Historia

Desde o Departamento proporase a creación dun grupo dentro do Club de Lectura 'Retelladores do Galiñeiro' do IES, adicado especialmente á lectura de bandas deseñadas con referencias históricas, artísticas ou xeográficas. Destinado ao alumnado de 3º da ESO en adiante, a participación no mesmo terase en conta nas notas das distintas materias.

Lecturas previstas: Maus; Persépole; El arte de volar; Los surcos del azar; Jerusalén; Adolf; Una historia popular del pueblo americano; Congo... A elección do cómic dependerá da posibilidade de contar cun número de exemplares suficiente.

Lecturas e actuacións por curso e materia

1º ESO

Na programación didáctica deste curso contéplase a obrigatoriedade da elaboración dun traballo por trimestre, o cal é cualificado en base a unha serie de lecturas ou de materiais audiovisuais que son entregados ao alumnado. Ditos prácticos valóranse ata con un 15 % da nota final da avaliación. Así as cousas, **durante o 1º trimestre** traballarase a Xeografía de xeito constante mediante diversas presentacións de PowerPoint, unha das cales, elaborada polo profesor Isaac Buzo, os estudantes deberán consultar e ler atentamente pois é fundamental para a elaboración do climograma que constitúe a citada parte práctica.

Ao longo do 2º trimestre traballaremos aspectos referidos ao cambio climático, aspectos que, ademais das pertinentes explicacións de aula, se verán substanciados mediante a proxección do documental ?Unha verdade incómoda?. De xeito complementario, os rapaces deberán consultar diferentes lecturas e informacións na Internet acerca do seu autor, Al Gore, plasmándoas posteriormente no traballo resumo que entregarán.

No 3º trimestre, xa abordando os temas referidos á Historia, continuamos coa mesma metodoloxía imperante durante todo o curso, é dicir, o emprego masivo da tecnoloxía PowerPoint onde os rapaces, ademais de recibir unha educación visual, se verán na obriga de ler as diferentes informacións aportadas.

Complementariamente, o práctico desta avaliación versará acerca da obtención, tratamento e emprego tradicional do liño. Para iso, realizarase unha visita ao museo etnográfico Casa do Patrón, onde os nosos estudantes observarán in situ todos aqueles elementos empregados para tal proceso; ademais das pertinentes explicacións da guía, deberán de consultar de xeito individual os diferentes carteis e trípticos espallados polas diferentes salas de exposición. Para substanciar estes coñecementos procederemos a proxección na clase do documental O liño, producido polo mesmo museo, onde se amosa o laborioso proceso do liño desde a sementeira ata a elaboración de tecidos. Cabe destacar que, ademais disto, no meu corpus metodolóxico atópase botar man

do alumnado para que este realice diferentes lecturas a viva voz contidas no libro de clase e sempre referidas ós contidos a tratar ese día. Evidentemente, pídense voluntarios para levar isto a cabo, se ben é certo que ante a falta dos mesmos ou ante o feito de que os mesmos alumnos sexan os que se ofrecen unha e outra vez, en múltiples ocasión decido chamar de xeito aleatorio para que todo o mundo participe. De igual xeito, botaremos man dos ordenadores do Plan Abalar para traballar con páxinas ou programas específicos, sobre todo de xeografía.

2º ESO

Como introdución ó final do Imperio romano proporemos o visionado do inicio do filme de Ridley Scott, *Gladiator*. *Gladiator* (1ª escena batalla contra os xermanos e Marco Aurelio, 121-180) Discurso de *Gladiator*: batalla Germania (3,39 min.) Para ilustrar a caída de Bizancio a mans dos otomanos proxectaremos unha visión turca a través de imaxes da película *Fetih 1453 - My Life For My Flag* Aproveitando a posibilidade de introducir nos temas de Idade Media unha mestura de lecturas e películas xogaremos co texto de Umberto Eco e as imaxes da película de J. J. Annaud: *El nombre de la rosa*. Tamén leremos e visionaremos fragmentos de varias obras que nos axudarán a encadrar unha época tan afastada, no material, dos nosos alumnos.

Libros:

- Os piares da terra
- A catedral do mar

Películas:

- Excalibur
- Os viquingos
- Ivanhoe

Coa intención de axudar a pensar criticamente utilizaremos en varias ocasións textos históricos comparados. Un bo exemplo será o material sobre as Cruzadas:

- Doc. A Ibn AL-ATHIR (1160-1233)

- Doc. B Urbano II (1095)
- Doc. C Anónimo (s. XII)

Ou os textos sobre a Inquisición:

- Doc. A Bernardo Guy, Técnica de Inquisición, 1307
- Doc. B John Fox, O libro dos mártires, 1563
- Doc. C John Lynch, Os Austrias, 1992

Xa nos temas de Idade Moderna proporemos actividades a partires dos libros de Arturo Perez Reverte, El capitán Alatriste. Tamén proxectaremos a recreación da batalla de Racroi coa que remata a versión cinematográfica. A crónica do rei pasmado e a versión filmica de Imanol Uribe darán moito xogo para ilustrar a época dos Austrias menores. Utilizaremos materiais centrados na Arte Moderna: Renacemento. El tormento y el éxtasis. Barroco. La chica de la perla.

3º ESO

Na programación didáctica deste curso contéplase a obrigatoriedade da elaboración dun traballo por trimestre, o cal é cualificado en base a unha serie de lecturas ou de materiais audiovisuais que son entregados ao alumnado. Ditos prácticos valóranse ata cun 15 % da nota final da avaliación.

Así, durante o **1º trimestre** traballarase a Xeografía física de xeito constante mediante diversas presentacións de PowerPoint que os estudantes deberán consultar e ler atentamente pois será fundamental para a elaboración do climograma ?igual que no caso de 1º de ESO pero cun nivel de esixencia e complexidade a todas luces superior- que constituirá a citada parte práctica.

Ao longo do **2º trimestre** procederemos á lectura de diferentes artigos de opinión ?extraídos sobre toda da Internet- acerca da problemática da contaminación do medio e de si este proceso debe ser unha peaxe que debemos pagar polo noso proceso constante. De xeito complementario proxectarase o documental ?Comprar, tirar, comprar. acerca da obsolescencia programada e da sociedade de consumo na que vivimos. Dito documental incluírá multitude de testemuñas en inglés, polo que os alumnos deberán seguir estas opinións mediante a lectura dos subtítulos complementarios en lingua castelá. Posteriormente, entregarán o traballo obrigatorio referido ao visionado do mesmo.

Finalmente, no **3º trimestre** continuamos coa mesma metodoloxía imponente durante todo o curso, é dicir, o emprego masivo da tecnoloxía Power-Point onde os rapaces, ademais de recibir unha educación visual, se verán na obriga de ler as diferentes informacións aportadas. Faremos unha pausa no tratamento dos temas do curriculum para facer sitio ás unidades do Proxecto Terra que nos son facilitadas polo Colexio de Arquitectos de Galicia. Faremos unha lectura conxunta das mesmas para achegarnos á arquitectura popular así como a novas terminoloxías, entre as que me gustaría destacar o feísmo, do cal faremos un 'Concurso de feísmo rural' na vila de A estrada e arredores. O Proxecto Terra completárase cunha visita á cidade de Santiago e coa lectura da banda deseñada A mansión dos Pampín de Miguelanxo Prado, da cal se entregará traballo obrigatorio.

O alumnado realizou diferentes lecturas a viva voz contidas no libro de clase e sempre referidas ós contidos a tratar ese día. Evidentemente, pídense voluntarios para levar isto a cabo, se ben é certo que ante a falta dos mesmos ou ante o feito de que os mesmos alumnos sexan os que se ofrecen unha e outra vez, en múltiples ocasión decido chamar de xeito aleatorio para que todo o mundo participe. De igual xeito, botárase man dos ordenadores do Plan Abalar para traballar sobre todo os mapas físicos e os mapas políticos.

4º ESO

1ª Avaliación

A nosa 1ª aposta literaria no curso de 4º de ESO será unha novela que sitúa o espazo físico do Antigo Réxime. Paisaxe, roupa, estamentos sociais e por suposto, olores: El perfume, Patrick Süskind.

Leremos en clase conxuntamente o inicio da novela apoiada ademais na película de Tom Tykwer e proporemos a lectura completa da mesma. Ademais, serán recomendadas outras lecturas indicando as dificultades e virtudes das mesmas: Historia de dos cidades, Charles Dickens; Guerra y paz, León Tolstoi. Tamén nesta Avaliación serán proxectados na aula fragmentos de diversas películas (varias delas parten dunha novela) como ambientación de diferentes acontecementos e procesos históricos.

2ª Avaliación

Na 2ª Aval. comenzaremos tratando a guerra da Independencia española polo que proporemos a lectura da novela: Un día de cólera, Arturo Pérez Reverte. Será o paso previo a análise da obra de Goya centrándonos nos seus

cadros históricos máis senlleiros e no caderno de gravados: Los desastres de la guerra, Francisco de Goya.

Para os procesos de unificación nacional de finais do século XIX utilizaremos varias escenas do filme de Lucchino Visconti, El Gatopardo, recomendando, por suposto a novela de Lampedusa.

Para o análise da Revolución Industrial partiremos das imaxes documentais de Mitchell e Kenyon, recollidas no DVD 'Electric Edwardians' e das fotografías de Lewis Hine sobre o traballo infantil. Para situar a época Vitoriana proporemos a seguinte actividade:

Busca unha foto e os datos esenciais da biografía dun destes escritores vitorianos: Charles Dickens; Irmás Bronte (Emily, Charlotte e Anne); Lewis Carroll; H.G. Wells; Oscar Wilde; Arthur Conan Doyle; Bram Stoker; Robert Louis Stevenson; Jane Austen; Rudyard Kipling; Mary Shelley; Lord Byron; Charles Darwin; William Fox Talbot; Jack o destripador.

Nesta unidade centrarémonos nas seguintes películas: Daens, Stijn Coninx. Germinal, Claude Berri.

3ª Avaliación

Na 3ª avaliación trataremos o Imperialismo. O punto de partida será a análise dun comic que permitirá afondar nas causas ideolóxicas do proceso colonizador: Tintín en el Congo, Hergé.

Tamén traballaremos co libro: El fantasma del rey Leopoldo, Adam Hochschild.

Prepararemos unha actividade a modo de webquest a partires de materiais presentados aos alumnos e da información que aporta a wikipedia sobre este libro. Tamén comentaremos en clase outras obras como: Zulú, la batalla de Isandwana, Carlos Roca; El corazón de las tinieblas, Joseph Conrad; Todo se esfarela, Chinua Achebe; El asesinato de Lumumba, Ludo de Witte. Para traballar a 1ª Guerra Mundial centrarémonos en dúas obras. Unha novela (ou recompilación de relatos) e un cómic: Compañía K, William March; Puta Guerra, Tardi.

Tamén citaremos outros 2 exemplos. Unha novela xa clásica e un curioso comic: Sin novedad en el frente, Erich María Remarque; La gran guerra, Joe Sacco

No periodo de entreguerras utilizaremos o seguinte material de lectura: Para a Revolución rusa e o Stalinismo decidimos centrarnos neste 2º apartado e comentar os problemas de censura e de persecución persoal de moitos intelectuais:

- Osip Mandelstam, do que leremos o epigrama contra Stalin que marcou o seu trágico destino e recomendaremos as memorias da súa viuva.
- As poetisas Anna Ajmatova e Marina Tsvetaieva, cunha selección dos seus poemas.
- Vasili Grossman, coa súa magna obra: Vida y destino.
- Aleksandr Solzhenitsyn, con Archipiélago Gulag.
- Tamén presentaremos o comic de Pellejero e Lapiere, El vals del Gulag.

Para os EE.UU. de entreguerras comentaremos a magnífica novela: El gran Gatsby, Scott Fitzgerald. E veremos a escena inicial da súa última versión cinematográfica. E a obra mestra: Las uvas de la ira, John Steinbeck. Para tratar o tema do Fascismo italiano utilizaremos a película de Bernardo Bertolucci, Novecento. Finalmente, para analizar a figura de Adolf Hitler compararemos as visións contrapostas: El gran dictador, Charles Chaplin e El triunfo de la voluntad, Leni Riefensthal.

1º DE BACHARELATO: Hª. do Mundo Contemporáneo

Actuacións:

- Hora de ler: unha sesión cada quince días, de documentos relacionados coa materia (cómic, xornais, revistas, libros, vídeos, radio...). Elaborarase un catálogo de materiais dispoñibles na Biblioteca para que o alumnado escolla coa orientación do profesor. O alumnado tamén poderá aportar material propio sempre que o profesor o considere axeitado. As sesións desenvolveranse, de ser posible, na Biblioteca do instituto.
- Lecturas e audiovisuais obrigatorios por trimestre:
 - 1º trimestre: - Enderezo Descoñecido; - A guerra das trincheiras ou Maus; - Campos de muerte (El Siglo del Pueblo, BBC), Las uvas de la ira e El deber de recordar.
 - 2º trimestre: - Ruído, relatos de guerra ou ¡Vémonos en Kosovo!; - Persépole; - En tierra de nadie e Un lugar en el mundo.

- 3º trimestre: - O gatopardo; -Sufragista ou Congo; - El hombre que pudo reinar, Daens e Tiempos Modernos.
- Textos fonte, xornalísticos, literarios e imaxes (obras de arte). Fragmentos audiovisuais.
- Relación de recursos complementarios: Proporcionarase ao alumnado un catálogo comentado de documentos (libros, cómics, documentais, películas...), dispoñibles na Biblioteca, cuxa utilización será valorada como un traballo voluntario e terase en conta na nota.
- Investigación sobre fotografías e documentos históricos dispoñibles no ámbito familiar do alumnado. Exposición de fotografías no Centro.
- Realización de traballos por grupos sobre a alimentación e hábitos alimenticios no período estudado, en formato panel para seren expostos no Centro.

Semipresencial:

Ademais de fragmentos seleccionados, visionaranse dous documentais da serie 'El siglo del pueblo' (BBC): Campos de muerte (1ª Guerra Mundial) e La guerra total (II Guerra Mundial); e o documental El deber de recordar, sobre os republicanos españois presos en Mauthausen. Lerase e comentarase na aula a banda deseñada La guerra de las trincheras. Outros cómics que se animará a ler ao alumnado, presentes na biblioteca serán: Una historia popular del Imperio Americano; Maus; Los Surcos del azar; As Serpes Cegas ou Kongo. Os alumnos tamén lerán, e contestarán posteriormente un cuestionario, a breve novela epistolar Enderezo descoñecido.

2º BACH: Historia da Arte

As esixencias propias do 2º de Bacharelato non fan deste curso un dos máis propicios para as recomendacións literarias ou fílmicas. Pero, de tódolos xeitos, non renunciaremos a estas propostas tendo en conta, ademais, que para unha materia coma Historia da Arte poden resultar especialmente ilustrativas. Cada tema do programa comezámolo cun pequeno relato.

Por suposto, o longo do curso utilizaremos unha gran variedade de textos historiográficos que contextualizaban a materia. Entre estes destacamos: Las vidas de los más excelentes arquitectos, pintores y escultores italianos desde

Cimabue a nuestros tiempos, Giorgio Vasari. Dentro dos manuais máis utilizados e recomendados durante o curso sinalamos o estudo xa clásico: La Historia del Arte, Ernst H. Gombrich.

En cada avaliación serán propostos diferentes materiais audiovisuais (documentais, películas,?) e literarios (novelas, comics,?). Evidentemente a proposta neste curso non pode partir da lectura e visionado da totalidade dos mesmos. Durante o curso serán proxectados ou lidos en clase moitos fragmentos de obras como as seguintes: La cueva de los sueños olvidados, Werner Herzog; 300 (Comic de Alan moore e a película); Alejandro Magno; Ágora, Alejandro Amenabar; Serie de novelas do detective Marco Didio falco, Lindsay Davies; Comic, Alix Senator; Roma, serie de TV da HBO; El nombre de la rosa, Umberto Eco; El tormento y el éxtasis, Carol Reed.; La chica de la perla, Tracy Chevalier (+ película, Peter Webber); Habladles de batallas, de reyes y elefantes, Mathias Enard; La vida secreta de los edificios (del Partenón a las vegas en trece historias), Edward Hollis; Vidas contadas (biografías de arquitectos), Anatxu Zabalbeascoa e Javier Rodríguez Marcos; El loco del pelo rojo, Vincente minelli; Pollock, Ed Harris; Exit through the gift shop, Banksy; Arte, Yasmina Reza; El olor a sangre humana no se me quita de los ojos (conversaciones con Francis Bacon), Franck Maubert; David Hockney. El gran mensaje, Conversaciones con Martin Gayford.

2º BACH: Historia de España

Usaranse con frecuencia fragmentos de películas (do portal Cliphistoria) e a serie documental 'Memoria de España'.

Animarase ao alumnado e premiarase na nota a lectura de libros e cómics, e o visionado de películas, sobre os contidos da materia, cos que contamos na biblioteca. Por exemplo: La Voz Dormida (libro e película), Bienvenido Mister Marshall, La Colmena, O lapis do carpinteiro, A noite branca, Los surcos del azar, Paracuellos, 36-39 malos tiempos, As serpes cegas, División Azul, Triloxía da Guerra de Cuba, El arte de volar, Las guerras silenciosas, etc.

2º BACH: Xeografía de España

Na aula traballarase acotío con noticias de prensa relacionadas cos contidos da materia. As explicacións acompañaranse en moitas ocasións de fragmentos da serie documental 'España desde el aire'.

Debido ao apertado dos contidos non poderán usarse máis recursos que aos apuntamentos e materias complementarios moi seleccionados e 'racionalizados': mapas, gráficas, textos...

3.8. Departamento de Tecnoloxía

Tecnoloxías 2º e 3º ESO

- Elaboración da documentación necesaria para presentar a Memoria do proxecto técnico desenvolvido en cada avaliación.
- Realización de resumos e esquemas das unidades.
- Procura de información en Internet.
- Procura de información en catálogos.
- Exposición oral, ante o resto de compañeiros, das prácticas desenvolvidas en cada avaliación (explicación do funcionamento utilizando a terminoloxía adecuada, descrición dos problemas xurdidos e as solucións adoptadas, explicación de posibles aplicacións reais)
- Utilización con soltura de vocabulario técnico.
- Manexo e comprensión das Fichas Técnicas de características.
- Lecturas diversas.

As actividades levaranse a cabo no aula/taller e na casa do alumno.

Tecnoloxía 4º ESO

- Elaboración da documentación necesaria para presentar a Memoria do proxecto Técnico desenvolvido para cada unha das prácticas.
- Exposición oral, ante o resto de compañeiros, das prácticas desenvolvidas en cada avaliación (explicación do funcionamento utilizando a terminoloxía adecuada, descrición dos problemas xurdidos e as solucións adoptadas, explicación de posibles aplicacións reais)

- Lecturas diversas, sobre a prevención de accidentes laborais relacionados con este campo de traballo.
- Procura de información en Internet.
- Procura de información en catálogos.
- Utilización con soltura de vocabulario técnico.

Tecnoloxía industrial: 1º e 2º Bach

- Lectura e interpretación de artigos actuais, relacionados cos diferentes bloques temáticos (novos materiais, sistemas de control, sistemas neumáticos, electrónica, ensaio de materiais)
- Utilización con soltura de vocabulario técnico.
- Manexo e comprensión da Fichas Técnicas Características.
- Elaboración de diversos documentos ou arquivos, dos diferentes programas cos que se vai a traballar, documentos de texto, follas de cálculo, bases de datos, presentacións electrónicas
- Lecturas diversas, sobre o impacto social e económico derivado do uso das TIC, no que facer cotián.

3.9. Aula de Teatro: ‘Avelaiñas Teatro’

Na sociedade actual seguen a ser imprescindibles actividades educativas que convirten ao alumnado en protagonista da aprendizaxe para atanguer unha formación interdisciplinar, plena e equilibrada. Para lograr isto, nada mellor que unha actividade dinámica, que fomenta o diálogo sobre temáticas variadas, a creación de textos literarios, a reflexión sobre as diferentes actitudes do ser humano ante a vida? ademais de mellorar as habilidades psicomotrices, equilibrar a autoestima e potenciar as relacións sociais.

O TEATRO é unha ferramenta que posibilita adquirir todo isto dunha forma lúdica e contribúe de xeito firme a acadar unha maior seguridade e autocontrol nun mesmo, desenvolve e potencia capacidades de comunicación, propicia unha optimización das relacións interpersoais (xa que melloran as habilidades xestuais, orais e corporais dos participantes) favorece a desinhibición,

a creatividade, a autoestima equilibrada; logra unha comunicación efectiva e propicia a adaptación do ser humano ao seu medio.

O Obradoiro 'TEATRANDO NO LOSADA', que se iniciará en outubro e rematará en xuño, pretende que o alumnado acade a través dunha aprendizaxe activa, motivadora e creativa a adquisición de diferentes técnicas vocais, corporais, lingüísticas, literarias, escénicas e terá como obxectivos fundamentais:

1. Sensibilizar ao alumnado no obxectivo de conquistar unha sociedade máis igualitaria, que sexa respectuosa co medio ambiente, coa diferenza e rexeite os comportamentos violentos.
2. Metamorfosear a contorna de aprendizaxe sobre a temática mencionada no apartado anterior nun contexto activo, protagonizado polos participantes.
3. Concienciarse dos vestixios sexistas que seguen a estar presentes no ámbito educativo (aulas, patio, actividades de ocio, actividades docentes, relacións interpersoais?)
4. Analizar de xeito crítico diferentes temas de actualidade: o papel feminino e o masculino na escola e na sociedade en xeral; o opresor e o oprimido; a liberdade; os medios de comunicación; as novas tecnoloxías, o rural, o valor da cultura propia?

ESTRUTURA DO CURSO.

IMPARTIDO POR:

Profesorado do centro.

A docencia impartirase OS MARTES entre as 15:00 e as 16:00 horas. Existe tamén a posibilidade excepcional de ensaiar en recreos ou tardes dos sábados que se fixarán co alumnado.

Antes de cada estrea e do IV Festival de Teatro Escolar da Estrada en abril haberá unha rolda de prensa teatralizada para presentar os espectáculos aos medios de comunicación. As datas fixadas dos espectáculos son as seguintes:

1. Martes, 15 de decembro, no Salón de Actos do IES Antón Losada Diéguez.

2. Mércores, 16 de decembro, no Teatro Principal da Estrada.
3. Xoves, 19 de decembro, no Salón de Actos do CEIP Figueroa da Estrada para alumnado de Educación Infantil e Primaria deste centro educativo.

Ademais destas funcións participárase nun CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO ESCOLAR que se vén celebrando en diversos centros educativos e concellos desde hai anos. Isto propiciará que se presenten os dous espectáculos preparados ao longo do curso nos seguintes FESTIVAIS DE TEATRO ESCOLAR:

1. Función solidaria no Teatro Principal de Ourense en colaboración coa ONG Meniños, de apoio á infancia, no mes de febreiro (a data está por determinar e está suxeita á disponibilidad do Teatro Principal de Ourense).
2. No II Festival de Teatro Escolar de Melide o sábado, 12 de marzo. Haberá actuacións na Casa de Cultura de Melide e un roteiro teatral, musical e poético en colaboración con diferentes asociacións culturais e musicais do Concello.
3. No IX Festival de Teatro Escolar de Palas de Rei que se celebrará o sábado, 9 de abril, na Casa de Cultura desta localidade. Haberá un roteiro teatral, musical e poético pola aldea de Santo Xusto. Nel participarán persoas do entorno rural, da Asociación Palacio do Rei, da Asociación Cultural 'Entreportas' e do evento SON D'ALDEA.
4. No IV Festival de Teatro Escolar que organiza o IES Antón Losada da Estrada o sábado, 23 de abril, no Teatro Principal da Estrada. Haberá un roteiro teatral, musical e poético por unha aldea do Concello.
5. Na IX Mostra de Teatro Escolar de Touro o sábado, 7 de maio, na Casa de Cultura de Touro. Haberá un roteiro teatral, musical e poético pola aldea de Remesquide.
6. En Vila Real, Lisboa, Setúbal e Castelo Branco (Portugal); os días 12, 13, 14, 15 e 16 de maio. Estas actuacións irán enmarcadas nunha viaxe para o alumnado de Secundaria e Bacharelato con marcado carácter didáctico e realizaranse en colaboración coa Aula de Teatro do CPI de Touro, a Aula de Teatro do CPI de Vedra, o Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, a Escola Municipal de Teatro de Laxe e a Aula de Teatro do IES de Melide, 'Teiroa Teatro'.

7. Na IX Mostra de Teatro escolar de Laxe, TEATRAPA, a finais do mes de maio. Haberá un roteiro musical, teatral e poético polas rúas de Laxe organizado en colaboración con diferentes Asociacións musicais e culturais do Concello de Laxe.
8. Venres, 17 de xuño, no Salón de Actos do IES Antón Losada Diéguez, como peche do curso escolar.
9. En todas aquelas localidades e institucións que o demanden e cubran os gastos de desprazamento do grupo.

Destinatarios/as:

Alumnado de Secundaria, Bacharelato, ciclos, profesorado?

Obxectivos do curso:**Xerais:**

1. Transmitir valores igualitarios e non discriminatorios por razón de sexo/xénero.
2. Reforzar unha educación baseada na NON VIOLENCIA.
3. Potenciar a TOLERANCIA CERO ante actitudes violentas.
4. Difundir unha cultura da IGUALDADE, INTERCAMBIO E INTERRELACIÓN entre persoas de toda a comunidade educativa (Nais, pais, persoal non docente, profesorado?) e da sociedade en xeral.
5. Favorecer a reflexión e a adopción de comportamentos adecuados para a prevención da violencia e as prácticas igualitarias.
6. Experimentar as posibilidades comunicativas de linguaxes non orais como a expresión corporal, a expresión plástica e artística, a linguaxe musical... favorecendo a comprensión e valoración das potencialidades das mesmas nas súas diferentes facetas.
7. Incidir de forma máis plena na competencia comunicativa global dos participantes.
8. Valorar as diferentes manifestacións dramáticas das distintas épocas, xéneros, autores e estilos.

9. Recoñecer e valorar en maior medida os recursos literarios que potencian a mensaxe do texto.
10. Achegarse por medio da dramatización á análise profunda e á comprensión dun texto literario e dos seus trazos, así como aos elementos fundamentais que conforman a súa estrutura interna como poden ser as acotacións, os personaxes, o tempo narrativo, o tratamento do cronotopo, etc.
11. Fomentar o gusto pola lectura.
12. Comprender en profundidade o texto que se manexa ou que se está a construír coa intención de, posteriormente, poder transmitilo a un público receptor do mesmo conservando e potenciando todos os seus valores en conxunto.
13. Achegar aos participantes á literatura desde unha perspectiva activa, lúdica e motivante.
14. Provocar a preocupación por unha correcta formulación da mensaxe.
15. Incrementar as capacidades expresivas analizando a súa potencialidade comunicativa.
16. Favorecer a creación dunha rica gama de situacións que permitan mellorar a expresión oral.

Específicos:

1. Establecer relacións equilibradas, solidarias e construtivas coas persoas que nos rodean independentemente do seu sexo.
2. Superar os estereotipos e discriminacións sexistas.
3. Coñecer e empregar unha linguaxe non sexista e discriminatoria a través dos exercicios dramáticos.
4. Sensibilizarse coa necesidade dun reparto diferente das responsabilidades familiares e a utilidade social e persoal do traballo doméstico e reflectir esa necesidade no espectáculo final.
5. Consolidar a súa propia identidade persoal, mellorando e equilibrando a súa autoestima.

6. Superar as formas verbais sexistas a través do xogo dramático.
7. Realizar unha lectura crítica dos medios de comunicación dende unha perspectiva non sexista.
8. Reflexionar sobre as situacións de discriminación das mulleres nos ámbitos laboral, político e social e amosalo na obra final.
9. Descubrir as posibilidades lúdicas do teatro como actividade de ocio.
10. Fomentar o gusto pola creación artística e por ser partícipes da narración dunha historia.
11. Descubrir distintas formas de expresión plástica de forma activa, por medio da experimentación propia.
12. Contribuír a despertar inquietudes artísticas e creativas.
13. Propiciar que os participantes sexan receptivos cara o proceso de creación artística e os resultados en xeral deste.
14. Valorar todo tipo de manifestación artística como a literatura, a expresión plástica en todos os seus aspectos (pintura, escultura, arquitectura, deseño, etc.) ou a música.
15. Descubrir e explorar a riqueza expresiva de diferentes estilos e tipos de música en moitas ocasións consideradas minoritarias ou simplemente descoñecidas polos participantes.
16. Comprender e valorar por medio das diferentes manifestacións artísticas empregadas outras realidades e outras culturas.

Actitudinais:

1. Favorecer a participación e integración das/-os alumnas/-os na actividade por medio dun traballo en equipo que enfoque o esforzo individual cara un obxectivo común, superando todo tipo de diferenzas de raza, sexo, estatus social, nivel económico, etc.
2. Fomentar o respecto cara outras persoas por enriba de todas as diferenzas individuais.

3. Crear ou potenciar unha conciencia de compromiso co entorno, coa conservación do medio ambiente, da cultura?

Contidos:

- O corpo. Imaxe e percepción. Coordinación, recoñecemento das propias posibilidades e mellora das mesmas?
- O movemento. O xesto. Desinhibición. Equilibrio ? desequilibrio. Partituras corporais?
- A acción interpretada.
- A creatividade. Utilización de diferentes recursos (dos medios de comunicación, informáticos, libros, láminas, teas, materiais de refugallo e naturais?) á súa disposición para a elaboración individual e colectiva de producións artísticas.
- O espazo. Estruturación espacial e temporal.
- O son. A voz. Articulación e dicción. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos e dos instrumentos. Desenvolvemento de hábitos de coidado da voz.
- Improvisación. Habilidades técnicas.
- Interpretación. A capacidade expresiva.
- Construción e estudo do personaxe.
- A iluminación: potenciación do universo temático.
- A maquillaxe. Caracterización.
- A produción: elemento potenciador e indispensable nun espectáculo teatral.
- A creación literaria: unha fiestra aberta ao coñecemento e ao crecemento como ser humano.
- O grupo. Aportacións. Dificultades. Resolución de conflitos.

Competencias Básicas

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, introducíronse unha serie de competencias básicas no currículo educativo publicado no DOGA do 13 de xullo do 2007. Ao longo deste obradoiro de teatro tentarase que os receptores adquiren a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. As competencias básicas que se traballarán neste curso de teatro serán as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística.

- Utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento das emocións e da conduta.
- Expresión de pensamentos, emocións, vivencias e opinións de forma adecuada a cada contexto en forma e fondo.
- Proporcionar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións, desfrutar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e xestual.
- Desenvolvemento da autoestima e autoconfianza.
- Establecemento de vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno.
- Utilización activa e efectiva e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións.
- Axuda para acceder a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
- Dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o seu uso funcional.

2. Competencia matemática.

- Tráballo da habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito académico ou escolar como fóra del, e favorece a participación efectiva na vida social.

- Habilidade para seguir determinados procesos de pensamento (como a indución e a dedución, entre outros).
- Identificación da validez dos razoamentos e valoración do grado de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos válidos.
- Disposición favorable e de progresiva seguridade e confianza cara a información e ás situacións.
- Respecto e gusto pola certeza na súa procura a través do razoamento.

3. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

- Habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto de seres vivos.
- Destreza para desenvolverse adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal, en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos e para interpretar o mundo.
- Adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala coma no contorno inmediato, e a habilidade para interactuar co espazo circundante.
- Sensibilización sobre a solidariedade global e interxeracional.
- Análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como dos hábitos de consumo responsables na vida cotiá.
- Utilización do movemento para un maior coñecemento de si mesmo, para unha utilización máis produtiva do contorno, unhas mellores relacións entre as persoas e un incremento da calidade de vida e da saúde, entendida como un estado de benestar físico, mental e social.
- Habilidade progresiva para poñer en práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica.

4. Tratamento da información e competencia dixital.

- Habilidade para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- Selección, procura e rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia)
- Dominio de linguaxes específicas básicas (textual, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de descodificación e de transferencia.
- Aplicación de destrezas de razoamento para organizar, relacionar, analizar e sintetizar a información acadada e incorporala aos esquemas previos de coñecemento.
- Comunicación hábil da información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Adquisición de competencias na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación extraendo o seu máximo rendemento.

5. Competencia social e cidadá.

- Comprensión da realidade social na que se vive e compromiso para a súa mellora.
- Participación na toma de decisións, elección de comportamento en determinadas situacións e responsabilización das eleccións e decisións adoptadas.
- Análise multicausal e sistémica para axuizar os feitos e problemas sociais e para reflexionar sobre eles de forma global e crítica.
- Comprensión da pluralidade da sociedade actual e do seu carácter evolutivo.
- Aplicación das habilidades sociais que permiten saber que os conflitos de valores e de intereses forman parte da convivencia e resolución con actitude constutiva.
- Creación de dinámicas persoais ou de grupo a través do propio corpo, en situacións de cooperación e de oposición.
- Expresión das propias ideas, comunicación óptima en distintos contextos, escoita respectuosa de ideas alleas e valoración do punto de vista alleo, aínda sendo diferente ao propio.

- Valoración das diferenzas e recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular entre homes e mulleres.
- Práctica do diálogo e da negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos, tanto no ámbito persoal como no social.

6. Competencia cultural e artística.

- Coñecemento, valoración, e comprensión crítica das diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilizadas como fonte de enriquecemento e desfrute e consideración das mesmas como parte do patrimonio dos pobos.
- Valoración do feito cultural en xeral, e o feito artístico en particular, en especial o espectáculo teatral.
- Incremento das capacidades de percepción, de sensibilización, de pensamento e de sentido estético para comprender e valorar a manifestación cultural e artística.
- Reelaboración de ideas e sentimentos propios e alleos: atopar fontes, formas e canles de comprensión e expresión; planificar, avaliar e axustar os procesos necesarios para alcanzar uns resultados, xa sexa no ámbito persoal ou académico.
- Fomento da iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.
- Potenciación do traballo colectivo e, polo tanto, das habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.
- Coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas, así como das obras e manifestacións máis destacadas.
- Concienciación da evolución do pensamento, das correntes estéticas, das modas e dos gustos, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa que os factores estéticos desempeñaron e desempeñan na vida cotiá da persoa e das sociedades.
- Aprecio da creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou as diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

- Valoración do diálogo intercultural e a realización de experiencias artísticas compartidas.

7. Competencia para aprender a aprender.

- Afianzamento das habilidades de aprendizaxe e da autonomía.
- Adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas) e do proceso e das estratexias necesarias para desenvolverlas, así como do que se pode facer coa axuda doutras persoas ou recursos.
- Disposición dun sentimento de competencia persoal, que redonda na motivación, na autoconfianza e no gusto por aprender.
- Concienciación do que se sabe e do que cómpre aprender, de como se aprende e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer os obxectivos persoais.
- Coñecemento das propias carencias e potencialidades, sacando proveito das segundas e tendo motivación e vontade para superar as segundas desde unha expectativa de éxito, aumentando progresivamente a seguridade para afrontar novos retos de aprendizaxe.
- Potenciación das capacidades que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística ou a motivación de logro, entre outras, e obter un rendemento máximo e personalizado delas coa axuda de diferentes técnicas e estratexias: do estudo, da observación e rexistro sistemático de feito e relacións, de traballo cooperativo...

8. Autonomía e iniciativa persoal.

- Adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.
- Fomento de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver e plans persoais responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal coma no social ou no laboral.

- Transformación das ideas en accións, planificación e posta en práctica de proxectos, reelaboración das formulacións previas, busca de solucións e elaboración de novas de novas ideas.
- Análise de posibilidades e limitacións. Autoavaliación.
- Fomento da autonomía e iniciativa persoal.

Metodoloxía:

Traballárase en todo momento cunha metodoloxía participativa e dinámica que axude á reflexión e análise dos contidos. Para iso trátanse os diferentes temas dende diferentes perspectivas dentro da realidade máis próxima aos participantes, a través de dinámicas e técnicas lúdicas e atractivas que os convirten en protagonistas á hora de elaborar os guions do espectáculo final e que están baseadas no TEATRO DO OPRIMIDO, de Augusto Boal e nos principios metodolóxicos das teorías da actuación de Jerzy Grotowski.

En todos os obradoiros empregárase material audiovisual nas sesións de ensaio que despois aparecerá integrado nas obras de teatro que constrúan.

Para aumentar a motivación efectúanse actividades diversas con distintos graos de dificultade para que poida intervir todo tipo de alumnado, tratando de combinar contidos, materiais e espazos (escenario, contorno natural, contorno social). Ao mesmo tempo fomentárase a necesidade do traballo en equipo, da COLOBARACIÓN como forma imprescindible de acadar os espectáculos finais.

A metodoloxía utilizada fomentará a busca, a análise e a aplicación da información tratada na aula ordinaria, deste xeito preténdese que o alumnado sexa capaz de aplicar os coñecementos adquiridos e contribúa, a través das súas aportacións, investigacións e opinións, ao desenvolvemento dos ensaios.

Igualmente, as actividades deseñadas teñen uns contidos específicos dependendo do alumnado ao que van dirixidas. Están planificadas segundo a idade dos integrantes da Aula de Teatro, o curso escolar e as necesidades propias de cada un.

As ferramentas que se utilizarán nestes obradoiros teatrais caracterizaranse polos seguintes aspectos:

1. Fomentar os valores igualitarios e non-discriminatorios por razón de sexo/xénero nos diferentes niveis do sistema educativo.
2. Favorecer a interacción e a participación social no contorno.

3. Resolver de forma pacífica os conflitos como base para unha aprendizaxe de respecto e igualdade.
4. Evitar o uso dunha linguaxe sexista ou discriminatoria.
5. Potenciar un crecemento persoal e individual.
6. Valorar a propia identidade e mellorar hábitos sociais.

Canles, Recursos e Medios de Difusión:

A información das actividades que se van desenvolver farase pública unha semana antes do comezo para que haxa tempo suficiente para formar os grupos. Da planificación destas actividades informarase puntualmente a través da páxina web do instituto, así como a través de carteis que se pegarán nos taboleiros das aulas e dos corredores do centro educativo. As actuacións serán anunciadas a través da cartelaría que se poñerá en diversos puntos do núcleo urbano e nas aldeas da Estrada, ademais de enviar a información aos medios de comunicación: radio, televisión e prensa escrita?

Avaliación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua e diferenciada segundo as distintas idades. Avaliarase ao alumnado tendo en conta todos os elementos que compoñen este proxecto. Neste sentido a avaliación debe entenderse como un conxunto de actividades programadas para recoller e analizar información e por iso debe dotarse de técnicas e instrumentos que garantan a súa calidade facendo dela un proceso rigoroso e sistemático.

A avaliación empregarase nesta actividade para a detección e a satisfacción das necesidades educativas e será un proceso continuo que deberá proporcionar datos que sirvan para:

1. Descubrir as dificultades de aprendizaxe do alumnado e prever estratexias para a súa superación.
2. Valorar a aprendizaxe do participante controlando o grao de desenvolvemento das capacidades previstas e de asimilación dos contidos e, se é o caso, realizar as modificacións necesarias.

Isto ao alumnado posibilitaralle coñecer a evolución realizada dende a situación de partida, corrixir estratexias e comportamentos inadecuados, identificar as dificultades do seu proceso de aprendizaxe para superalas.

Así, en relación ao alumnado participante nas actividades efectuarase unha avaliación inicial coa que se pretende coñecer o punto de partida: coñecementos previos, identificación dos puntos fortes e febles para potenciar os primeiros corrixir os segundos.

Ao rematar as actividades propostas realizarase unha avaliación final na que se vai valorar de cada integrante do grupo tanto o seu comportamento como os coñecementos adquiridos. Desa valoración sacarase un informe no que se terán en conta os seguintes aspectos:

1. Actitude positiva.
2. Asertividade comunicativa.
3. Colaboración co grupo na creación dos espectáculos finais.
4. Progresión no proceso de ensino- aprendizaxe.
5. Observacións.

En cada un dos aspectos observarase se o seu grado de consecución é BAIXO, MEDIO, ALTO.

Aos/ás alumnos/-as, ao finalizar as actividades, entregáraselles un cuestionario de avaliación da actividade, para poder avaliar o seu grao de satisfacción.

Mecanismos de Coordinación:

A coordinación da planificación e das propias actividades desenvolverase a través do profesorado de diferentes Departamentos didácticos do centro educativo que impartirá, coordinará e organizará a actividade. Estableceranse reunións co equipo directivo do centro, con asociacións culturais e musicais, cos Teatros Principais da Estrada e de Ourense, coa ONG Meniños? A través destas reunións lograse desenvolver e avaliar o proxecto.

Avaliación do Proceso:

Ao finalizar o proxecto realizarase unha Memoria das accións levadas a cabo. Neste documento constarán de xeito global os resultados obtidos polos/as alumnos/-as, o seu nivel de interese e participación, o seu impacto

na comunidade educativa, na sociedade en xeral e nos medios de comunicación e proporanse actividades para mellorar a realidade social e reforzar os coñecementos adquiridos en vindeiros obradoiros.

A Estrada, 6 de novembro do 2015

O Coordinador da Biblioteca

6 de novembro do 2015